

VOTO PARTICULAR NÚM. 1 AO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE CABANAS PARA O EXERCICIO 2018

Xosé Manuel Pérez Sardiña como concelleiro de Participación Democrática Directa-Somos Cabanas, mediante o presente escrito, e ao abeiro dos dereitos que lle outorga o ROF, eleva ao Pleno da Corporación voto particular número 1 ao ditame da Comisión de Facenda e Contas de 26 de decembro sobre o proxecto de Orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2018:

Reducir asesorías externas en informática, comunicación (nova) e asesoría xurídica

Motivación

Tal e como argumentamos nos orzamentos de 2016 e 2017 e á vista de que esta emenda xa foi rexeitada polo Partido Popular, desde 2007 os gobernos municipais encabezados polo Partido Popular introduciron por primeira vez na historia dos orzamentos locais partidas para asesoría mediante empresas ou profesionais externos á Corporación contratadas mediante procedemento negociado sen publicidade. Para 2017 a proposta do Partido Popular incrementa en 4000 € as asesorías externas que sumarán cando remate a lexislatura 500.000 euros. Polo tanto, o esforzo dos veciños e veciñas en impostos desviouse para gastos innecesarios e non obrigatorios.

Así mesmo, os servizos técnicos municipais poderían desempeñar as direccións de obra externas para execución do Penso, con graves problemas denunciados por veciñas en canto á súa execución na primeira fase, e na execución de obras municipais diversas onde mesmo unha asistencia externa chegou a certificar unha obra sen acabar en Fontao.

O cambio que demandan moitos veciños e veciñas lévanos automaticamente a reducir estas asesorías realizadas por entidades externas á Corporación que fan deficiente a xestión municipal en asuntos de competencia directa da Corporación.

Tanto o servizo web, a través da sede electrónica <http://sede.cabanas.es>, como o servizo de asistencia a municipios, con asesoría de balde e mais defensa xurídica de balde están a desenvolver as mesmas funcións que o goberno do Partido Popular pretende replicar cun staff paralelo á administración municipal, pagado a través de facturas mensuais. Se é urxente e necesaria unha asesoría ou unha acción concreta na web hai recursos sen ter que manter todos os meses soldos paralelos.

A maiores no presente exercicio, o goberno do Partido Popular presentou un borrador de orzamento que inclúe unha nova asesoría en Comunicación cunha asignación de 5.000 €.

Deste xeito, presentamos as seguintes modificacións parciais ao ditame:

- Diminuír en 7.000 € a partida 2.22.22799, programa 9200, ficando en 1.000 €
- Diminuír en 13.000 € a partida 2.22.22799, programa 9202, ficando en 1.000 €
- Diminuír en 5.000 € a partida 2.22.22799, programa 9203, eliminando a partida
- Diminuír en 20.000 € a partida 2.22.22604, programa 9200, ficando en 5.000 €
- Destinar as baixas que suman 45.000 € á partida de infraestrutura viaria, programa 1532 pavimentación de vias municipais (investimentos reais)

Cabanas, 27 de decembro de 2017

VOTO PARTICULAR NÚM. 2 AO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE CABANAS PARA O EXERCICIO 2018

Xosé Manuel Pérez Sardiña como concelleiro de Participación Democrática Directa-Somos Cabanas, mediante o presente escrito, e ao abeiro dos dereitos que lle outorga o ROF, eleva ao Pleno da Corporación voto particular número 2 ao ditame da Comisión de Facenda e Contas de 26 de decembro sobre o proxecto de Orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2018:

Reducir as partidas de atencións protocolarias, publicidade e propaganda

Motivación

Desde 2007 os gobernos municipais encabezados polo Partido Popular incrementaron os gastos discrecionais en anuncios de prensa e atencións protocolarias. En 2018 a proposta do Partido Popular persiste nestes gastos a pesar de que a publicidade e propaganda foi reducida en 2300 €. A partida de Atencións Protocolarias fora reducida en 2016 a 1.000 €, pero en 2017 e 2018 incrementábase ata 2000 € cando o gasto acreditado no estado de execución entregado na Comisión de Facenda e Contas chegou a 1.101,82 (subiu máis do 100% con respecto aos 511 € de 2016). Ademais comprobamos no mesmo estado de execución como en 2016 foron executados 1.250 € de atencións benéficas fronte aos 1.710,87 € de 2017, case parello ao gasto en propaganda de 1.415,70 €.

Constatamos a execución baixa da partida de Emerxencia Social, falta un plan de actuación nesa área, que se veu reflectida na oposición do grupo popular a impulsar un estudo sobre a pobreza enerxética que atendería as necesidades das familias en situación de vulnerabilidade social. Fronte a este inmovilismo e desinterese, a nosa aposta para a vindeira lexislatura será unha renda social básica para que ninguén quede atrás.

Polo tanto, e en resposta ás demandas de veciños e veciñas por un cambio social en detrimento de gastos innecesarios en autopropaganda dos gobernos do Partido Popular.

Deste xeito, presentamos as seguintes modificacións parciais ao ditame:

- Diminuír en 1.500 € a partida 2.22.22601, programa 9202, ficando en 500 €
- Diminuír en 3.000 € a partida 2.22.22602, programa 9202, ficando en 1.000 €
- Destinar as baixas que suman 3.500 € á partida de emerxencia social 4.48.480, programa 2310, dotada igual ca en 2017 de 3.500,00 € e pasaría a 7.000,00 €

Cabanas, 27 de decembro de 2017

VOTO PARTICULAR NÚM. 3 AO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE CABANAS PARA O EXERCICIO 2018

Xosé Manuel Pérez Sardiña como concelleiro de Participación Democrática Directa-Somos Cabanas, mediante o presente escrito, e ao abeiro dos dereitos que lle outorga o ROF, eleva ao Pleno da Corporación voto particular número 3 ao ditame da Comisión de Facenda e Contas de 26 de decembro sobre o proxecto de Orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2018:

Reducir a partida de Festa de Santa Marta

Motivación

Desde 2007 os gobernos municipais encabezados polo Partido Popular fixeron da romaría de Santa Marta un saco sen fondo de gastos innecesarios e inxustificables para unha administración local. Nas festas de 2007 e 2008 empregaron en total 12.000 € en facturas de churrasco (sobre 1400 kg de carne sen especificar), algo totalmente misterioso cando en 2015 gastaron 300 € en churrasco, chorizos criollos e outras viandas, ou 100 € en 150 quilos de mazás, pero en 2014 dúas facturas que inclúen 35 quilos de churrasco, 10 kilos de chourizos criollos e outras viandas pagou o goberno local 600 €. O mercado da carne varía máis ca a bolsa nas facturas deste concello.

E volvemos lembrar os gastos en carpas e terbellos, que no mercado normal anda polos 900 € en propiedade pero que logo se presentan facturas de alugueiro por cantidades que superan amplamente a asistencia a persoas en situación de vulnerabilidade económica con necesidades básicas sen cubrir. En todo caso, a nosa opción política pasa por reducir estes gastos superfluos e non obrigatorios e asignar as contías a necesidades reais.

Deste xeito, presentamos as seguintes modificacións parciais ao ditame:

- Diminuír en 3.500 € a partida 2.22.22699, programa 3381 (Festa de Santa Marta), ficando en 10.000 €
- Destinar a baixa de 3.500 € á partida de emerxencia social 4.48.480, programa 2310, dotada de 7.000,00 € coa emenda anterior e que pasaría a 10.500,00 €

Cabanas, 27 de decembro de 2017

VOTO PARTICULAR NÚM. 4 AO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE CABANAS PARA O EXERCICIO 2018

Xosé Manuel Pérez Sardiña como concelleiro de Participación Democrática Directa-Somos Cabanas, mediante o presente escrito, e ao abeiro dos dereitos que lle outorga o ROF, eleva ao Pleno da Corporación voto particular número 4 ao ditame da Comisión de Facenda e Contas de 26 de decembro sobre o proxecto de Orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2018:

Emenda ás Bases de execución

Motivación

Tendo dispoñibles as bases de execución para o seu estudo con insuficiente antelación e considerando a súa estrutura semellante á de anos anteriores, presentamos as seguintes emendas encamiñadas a garantir que o Pleno recupere competencias no control do orzamento municipal e liberar recursos para programas de acción social, actualización da rede de abastecemento e un proxecto de dinamización empresarial para o polígono de Vilar do Colo.

Deste xeito, presentamos as seguintes modificacións parciais ao ditame:

1ª Que a vinculación sexa á partida orzamentaria (Base 6ª).

2ª Que o expediente de transferencia, agás para gastos de persoal, sexa competencia do Pleno da Corporación (Base 10ª).

3ª Que se supriman as asignacións por asistencia a reunión de Xunta de Delegados, asistencia a reunión de órganos externos e mais a dedicación á alcaldía (Base 37ª).

Como consecuencia, presentamos as seguintes modificacións parciais ao ditame:

- Diminuír en 30.000 € a partida 1.10.100.100.00, programa 9120. Destinar esta baixa a investimentos reais, no programa 1610 de abastecemento domiciliario co fin de substituír tubaxes de fibrocemento.

- Diminuír en 10.000 € a partida 1.16.160.160.00, programa 9120. Destinar esta baixa a emerxencia social 4.48.480, programa 2310, dotada de 10.500,00 € coa emenda anterior e que pasaría a 20.500,00 €

- Diminuír en 39.000 € a partida 2.23.230.230.00, programa 9121. Destinar esta baixa a mellora de edificios e outras construcións 63201, no programa 4330 de desenvolvemento empresarial.

Cabanas, 27 de decembro de 2017

VOTO PARTICULAR NÚM. 5 AO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE CABANAS PARA O EXERCICIO 2018

Xosé Manuel Pérez Sardiña como concelleiro de Participación Democrática Directa-Somos Cabanas, mediante o presente escrito, e ao abeiro dos dereitos que lle outorga o ROF, eleva ao Pleno da Corporación voto particular número 5 ao ditame da Comisión de Facenda e Contas de 26 de decembro sobre o proxecto de Orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2018:

Incluír o seguinte anexo de investimentos reais

Motivación

Tal e como viñemos facendo ao longo do ano a través de distintas propostas de actuación entendemos que o orzamento municipal debe recoller as actuacións que o Concello de Cabanas vai levar a cabo no apartado de investimentos reais no relativo a viais municipais, saneamento ou abastecemento. É por iso que estes servizos básicos deben atenderse e, deste xeito, propoñemos o seguinte anexo de Investimentos:

- Plan Municipal de Abastecemento: Depósito con dous compartimentos para mancomunar con Fene e abastecemento ás parroquias de Irís (a partir de cota 230 m), Regoela, Santa Cruz e Soaserra.
- Abastecemento a Irís: Pedra do Couto, Formarís de Baixo, A Caneta, Lugar de García, Os Currás, A Fonte, A Igrexa, Traseiras e Balvís.
- Abastecemento a Pena do Pico, Os Anidos, Val e O Lodeiro.
- Saneamento ás Modias, Fraián, O Rego, A Costa, O Pudrical e Paderna.
- Saneamento a Irís (A Caneta, Lugar de García, Os Currás, A Fonte, A Igrexa, Traseiras e Balvís).
- Saneamento a Santa Cruz do Salto (O Alto, Os Ribas, O Cotiño, Os Bouces, O Feal, Os Martices e O Igrexario).
- Saneamento ao Salto de Irís (Salto de Riba e Salto de Baixo).
- Recollida de augas e aglomerado do Camiño dos Chaos (Laraxe) e do Camiño Vello (Travesía do Peón).
- Recollida de augas e aglomerado do Camiño de Val de Baixo (Porto) e Camiño do Batán (Porto).
- Reparación do saneamento, recollida de augas e aglomerado do camiño das Viñas (rúa das Viñas).
- Recollida de augas e reposición de firme da rúa de Abaixo.
- Recollida de augas e zahorrado do Camiño do Covo (Pedreiras, Laraxe).

Cabanas, 27 de decembro de 2017

VOTO PARTICULAR NÚM. 6 AO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE CABANAS PARA O EXERCICIO 2018

Xosé Manuel Pérez Sardiña como concelleiro de Participación Democrática Directa-Somos Cabanas, mediante o presente escrito, e ao abeiro dos dereitos que lle outorga o ROF, eleva ao Pleno da Corporación voto particular número 6 ao ditame da Comisión de Facenda e Contas de 26 de decembro sobre o proxecto de Orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2018:

Reducir as partidas de paseos en gamela

Motivación

O gasto dos paseos en gamela polo Eume, que debemos considerar como non esencial nin tampouco relacionado coa área social vén consumindo ao redor de 22.000 €/ano desde a súa posta en marcha. Para 2017 a proposta do Partido Popular persiste no financiamento con fondos propios municipais deste servizo turístico. Xa preguntamos en 2016 polo gasto de case 2000 € en mantemento da gamela sen que o goberno local aclarase os motivos concretos nin achegase ningún informe técnico municipal para xustificar o gasto. Esta liña de traballo foi rexeitada, pero temos claro que os recursos económicos necesarios para o seu funcionamento e mantemento débense xestionar con outras administracións, como a Xunta de Galicia ou a Deputación da Coruña. Neste sentido, e como depositarios dun recoñecemento estatal como paraxe pintoresca e conxunto histórico-artístico propoñemos que por primeira vez a administración local se comprometa coa rehabilitación do patrimonio cultural recollido no inventario das Normas Subsidiarias municipais.

Por outra banda, o goberno local incrementa sen motivación empresas externas para rozar e manter espazos públicos malia a haber persoal temporal de apoio á brigada de obras municipal, a través de programas de emprego subvencionados por outras administracións. Debemos lembrar aquí como se gastaron en procedemento negociado sen publicidade, a dedo para ser máis claros, case 4000 € no mantemento do parque do Areal, un traballo realizado en catro horas. A oscilación da partida de mantemento da Veiga dos 8.000 € a apenas 2000 € é un bon exemplo de que tiñamos razón, e en consecuencia considerámola prescindible.

Polo tanto, e en resposta ás demandas de veciños e veciñas por un cambio que reduza gastos innecesarios e externalización de servizos non esenciais e atenda necesidades de protección do patrimonio histórico-artístico local.

Deste xeito, presentamos as seguintes modificacións parciais ao ditame:

- Diminuír en 1.900 € a partida 2.21.210.00, programa 4321, ficando en 100 €
- Diminuír en 19.900 € a partida 2.22.22699, programa 4321, ficando en 100 €
- Diminuír en 15.000 € a partida 2.22.22706, programa 1551, ficando en 30.000 €
- Diminuír en 3.000 € a partida 2.22.22799, programa 1651, ficando en 30.000 €
- Diminuír en 2.000 € a partida 2.22.22799, programa 3421, suprimindo a partida
- Destinar as baixas que suman 41.800 € a unha nova partida de protección e xestión do patrimonio Histórico-Artístico, relativa ao programa 336

Cabanas, 27 de decembro de 2017

VOTO PARTICULAR NÚM. 7 AO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE CABANAS PARA O EXERCICIO 2018

Xosé Manuel Pérez Sardiña como concelleiro de Participación Democrática Directa-Somos Cabanas, mediante o presente escrito, e ao abeiro dos dereitos que lle outorga o ROF, eleva ao Pleno da Corporación voto particular número 7 ao ditame da Comisión de Facenda e Contas de 26 de decembro sobre o proxecto de Orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2018:

Emenda á proposta de acordo

Motivación

Tendo en conta a tramitación reiterada dos orzamentos municipais en datas de nadal, pouco axeitadas para formar o expediente polos empregados públicos e para facilitarlles aos concelleiros o estudo da documentación do orzamento municipal do Concello de Cabanas.

Tendo en conta a lexislación vixente en canto a tramitación do orzamento municipal e a proposta que fixo no seu momento PDDdG sobre a participación veciñal nos orzamentos.

Presentamos as seguinte engádegas ao ditame:

Establecer o seguinte calendario para a tramitación do Orzamento municipal do Concello de Cabanas:

1. Aprobación da alcaldía do proxecto de orzamento municipal antes do 31 de outubro: entrega do documento a grupos políticos e asociacións veciñais.
2. Apertura de prazo de 20 días hábiles para presentar emendas de grupos políticos e propostas de participación veciñal.
3. Informe do grupo de goberno sobre emendas de grupos políticos e propostas veciñais antes do 5 de decembro.
4. Debate e votación de emendas e propostas na Comisión de Facenda antes do 12 de decembro.
5. Debate e votación en Pleno do orzamento antes do 22 de decembro.

Cabanas, 27 de decembro de 2017